

2. O magosto, unha festa relacionada con Samhain

Agora centrámonos no **Magosto**, unha festa tradicional nalgunhas zonas da Península Ibérica tales como Galicia, Asturias, Cantabria, a provincia de León e a provincia de Zamora, así como en Serra de Francia (Salamanca) e en Las Hurdes (Cáceres). Tamén é unha festa moi popular en Portugal, onde se coñece como **magusto**. **Magosto** e **magusto** son simples variantes dialectais, igual que **amagüestu**, **magüestu**, **magostu** ou **amagostu**, como se coñece en Asturias e León, ou que **magosta**, en Cantabria. En Portugal, esta festa celébrase tradicionalmente no norte (Trás-os-Montes, Minho, Douro e Beiras). Nótese que a meirande parte das rexións nas que esta festa se coñece como **magosto** (ou como unha das súas variantes) están situadas no noroeste da península. Cantabria e Las Hurdes son as zonas mais distantes do núcleo.

Na meirande parte das rexións galegas, o **Magosto** celébrase o 1 de novembro (**Samhain** / Día de Tódolos Santos). Nalgunhas zonas como Ourense, o **magosto** celébrase o 11 de novembro, Día de San Martiño. No norte de Portugal, o **Magusto** celébrase especialmente o Día de San Simón (28 de outubro), o día de Tódolos Santos celébrase o 1 de novembro e o Día de San Martiño o 11 de novembro. Durante a cea, a xente adoita gastar bromas, tishar a cara con feluxe e cantar.

Nos seguintes dicionarios de lingua galega atopamos mais información relacionada co **magosto**:

Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo (Texto traducido)

magosto s. m. Os *MAGOSTOS* constitúen unha das costumes típicas de Galicia, e son unha especie de merenda de castañas con viño novo, acompañado de *PANTRIGO*, queixo e outras viandas adecuadas ás posibilidades económicas dos que interveñen nesta expansión xuvenil. A época dos *MAGOSTOS* comprende da segunda quincena de Outubro á primeira de Novembro, pero principalmente son tradicionais o día de tódolos Santos, e na provincia de Ourense o 11 de Novembro; e a circunstancia de facerse *MAGOSTOS* a véspera do día de defuntos, deu base a algún dos nosos escritores para afirmar que esa comida especial é de orixe funeraria como a súa froita, a que o castaño, ó igual que a oliva, teñen ese carácter, polo cal di Murguía que as castañas e o viño novo, base do *MAGOSTO*, simbolizan a morte e a vida.

Marcial Valladares Núñez (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago, Imp. Seminario Conciliar (Texto traducido)

magosto Merenda de castañas asadas no campo. Faise regularmente por outono e agréganse a ela, ademais do viño novo, viandas mais ou menos delicadas, segundo a clase de persoas que convidan e asisten; sendo de notar, entre os rapaces dun e outro sexo, o bo humor que entón lles anima e como uns tras outros corren para tisharse as caras cos dedos e mans, ennegrecidos xa de andar coas castañas..